

Dirixido aos directores de departamentos de Matemáticas

Estimados/as compañeiros/as,

O motivo principal desta comunicación, xa que temos recibido varias consultas sobre este tema, é insistir en que houbo un pequeno cambio sobre o modelo inicial do exame de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. Esta modificación publicouse na páxina da CiUG nunha circular de data 3 de decembro do 2024. Co modelo proposto hai máis opcións de elección para a pregunta número 4. Deste xeito a estrutura do exame da materia Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II será a seguinte, tal e como está no modelo colgado na páxina da CiUG:

A proba constará de catro preguntas cun total de 7 exercicios:

- Pregunta 1 (Exercicio competencial do Bloque de Probabilidade e Estatística): constará dun único exercicio de carácter obrigatorio.
- Pregunta 2 (Bloque de Álgebra): o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñan.
- Pregunta 3 (Bloque de Análise): o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio de entre os dous que se propoñan.
- *Pregunta 4 (Tres Bloques da materia): o alumnado terá que escoller e realizar un exercicio a escoller de entre os catro seguintes (os dous que se propoñen do bloque de probabilidade e estatística e os dous non escollidos das Preguntas 2 e 3).*

En canto aos exercicios de carácter “máis competencial” que poden consultarse na páxina web da CiUG, e tal e como se dicía na mesma circular de decembro, non deben considerarse modelos de problemas de exame das PAU, senón coma exercicios de carácter “máis competencial” do bloque de estatística e probabilidade, polo que non están orientados en exclusiva para unha materia. Neste documento, o primeiro e o sétimo exercicio están relacionados unicamente cos contidos de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Finalmente, aproveitamos esta circular, para informar que están publicadas na páxina web as solucións dos exames das probas ABAU do ano 2024.

Quedamos a vosa disposición para calquera dúbida, aclaración ou comentario que nos queirades facer chegar.

Recibide un cordial saúdo,

Grupos de traballo das materias:

Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II